



Nuno Júdice naceu en 1949 no Algarve, concretamente en Mexilhoeira Grande, e licenciouse en Filoloxía Románica pola Facultade de Letras de Lisboa. Hoxe en día é Profesor Asociado da Facultade de Ciencias Sociais e Humanas da Universidade Nova de Lisboa, onde se doutorou cunha tese sobre «O espazo do conto no texto medieval» (1991). Ademais, co-dirixiu o proxecto de edición on-line dos Cancioneiros medievais galaico-portugueses. Publicou tamén antoloxías da Poesía do Futurismo portugués e, entre outras, encargouse das edicións críticas dos *Sonetos* de Antero de Quental (1994) e do *Cancioneiro* de D. Dinis (1998). Deu ao prelo varios libros de ensaio sobre temas de poesía, ficción e teoría literaria, sendo o último deles *Abc da crítica* (2010). Por outra banda, Júdice exerceu as funcións de Conselleiro Cultural da Embaixada de Portugal e Director do Instituto Camões, en París, dende 1997 ao 2004. Do mesmo xeito, dirixiu a revista “Tabacaria” da Casa Fernando Pessoa ata o ano 1999, e en 2009 asumiu o cargo de director da revista «Colóquio-Letras» da Fundação Calouste Gulbenkian.

Pero ademais Nuno Júdice é poeta e narrador, cunha dilatada obra amplamente traducida e títulos orixinais publicados maiormente polas Edicións Dom Quixote. Publicou o seu primeiro libro de poesía –*Noção do poema*– en 1972 e, dende aquela, recibiu os máis importantes premios de poesía portugueses: o do Pen Club en 1985, o D. Dinis da Fundación Casa de Mateus en 1990 e o da Asociación Portuguesa de Escritores en 1994, este último co libro *Meditação sobre ruínas*, que axiña acadou edicións en tradución ao francés, en París, e ao inglés, en Londres. Alén diso, o que vén sendo un dos poetas máis consagrados e recoñecidos de Portugal, está representado en numerosas antoloxías, e conta tamén con dúas obras traducidas ao castelán, publicadas por Visor e Hiperión.

O CRISTO ESQUECIDO

*Ali, naquele fundo de igreja, na parede
mais branca e mais deserta, ao frio da noite,
iluminado apenas por um resto de luz
que vem da lâmpada acesa na rua, o crucificado
esconde-se. Já ninguém vai
àquele desvão, ninguém sabe talvez
que ele ainda ali está, e no entanto é aquele
o seu lugar. Sozinho, reza para que
ninguém o veja, para que ninguém lhe
peça nada: que resposta poderia dar
a quem o procurasse? Que promessas acenderia
no olhar dos desesperados? Onde iria encontrar
a luz para quem vive na escuridão? Mas
está ali; e quando penso nele pergunto
se não o devia tirar daquela parede ou, pelo menos,
se não deveria ir até esse desvão, olhá-lo nos olhos
brancos da morte, e consolá-lo, por pouco que
seja, com a minha presença.*

← (NUNO JÚDICE)

Luns 11 de marzo
20:30

ÁGORA
CENTRO CULTURAL
PARA O PROGRESO
SOCIAL

| Rúa Ágora s/n (prolongación R/Mosteiro de Caaveiro) |
| 15010 A CORUÑA | 981 189 888 |
| agora@coruna.es | www.centroagora.es |

POETAS DI(N)VERSOS



Eva Veiga

 Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

A poeta e xornalista **Eva Veiga** naceu en Ombre (Pontedeume) no ano 1961, e é tamén filóloga licenciada pola Universidade de Santiago de Compostela.

En 1985 comezou a traballar na Televisión de Galicia, onde desenvolveu unha polifacética e intensa actividade profesional, sobre todo na dirección e presentación de programas culturais. Este labor valeríalle algúns recoñecementos como dous Premios TP e o Premio Galicia de Comunicación, entre outros. Máis tarde, unha grave enfermidade apartouna do traballo en televisión, e pasou entón a dedicarse á escrita de artigos en diversas revistas e xornais. Dende aquela, ten tamén publicado relatos en revistas, en medios de comunicación escrita e libros colectivos, así como a guía sobre Compostela *San-tiago. Cidade de peregrinación* (2002). Xunto a Ánxeles Penas, escribe o libro *ALFONSO COSTA*, un exhaustivo estudo da vida e obra do recoñecido artista noiés.

Como autora de poesía, ten publicadas as seguintes obras: *Fuxidíos* (1992), *Paisaxes do Baleiro* (1999), *A Pedra Insomne* (2002), *A Luz e as súas Cicatrices* (2006), *Desconcerto* (2006), *Poemas do Eume* (2009), *A Frecha Azul do Teixo* (2010) e o máis recente *Nesta Hora Imposible* (2012), con fotografías de Mada Carballeira. Voz tocada pola luz e gran declamadora de poesía, Eva Veiga forma parte do grupo poético-musical "Ouriol" xunta os músicos Fito Ares e Bernardo Martínez, ofrecendo exquisitos espectáculos poéticos por escenarios de dentro e fóra de Galicia. Dando continuidade a esta faceta interpretativa, Eva vén de debutar no cine da man da directora Margarita Ledo, interpretando o papel protagonista no filme *A cicatriz branca*.

*flor de neve que cae
como descenden as horas máis fermosas da tristeza
doces e lentas sobre a pel
vólvese de silencio
faise de noite e esquece
mentres dentro o sangue
fractal na extrema queimadura
só un intre
ata que a flor se ergue
e fica a sombra invisible
o frío*

←
(EVA
VEIGA)

Luns 11 de marzo
20:30

ÁGORA
CENTRO CULTURAL
PARA O PROGRESO
SOCIAL

| Rúa Ágora s/n (prolongación R/Mosteiro de Caaveiro) |
| 15010 A CORUÑA | 981 189 888 |
| agora@coruna.es | www.centroagora.es |

POETAS DI(N)VERSOS

Nuno Júdice

